

PLAN DE CONVIVENCIA CEIPP A FRAGA



INDICE

- 1.XUSTIFICACIÓN
- 2.REFERENTES E MARCO LEGAL
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN
 - 3.1. Características do centro
 - 3.2. Aspectos de xestión e organización
 - 3.3. Relacións e participación da Comunidade Educativa
 - 3.4. Conflitividade detectada no centro
 - 3.5. Actuación desenvolvidas e efectividade destas
4. OBXECTIVOS
 - 4.1. Obxectivos xerais
 - 4.2. Obxectivos específicos
5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA
 - 5.1. Actuacións
 - 5.2. Medidas preventivas
 - 5.2.1 Medidas organizativas
 - 5.2.2 Medidas curriculares
 - 5.2.3 Medias organizativas
 - 5.3. Programas específicos para promover a convivencia
 - 5.3.1.Programa de Habilidades Sociais
6. O PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO
7. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS
8. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO
 - 8.1. Normas de convivencia do centro
 - 8.2. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e correccións
 - 8.3. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia
 - 8.4. Coordinador ou coordinadora de benestar e convivencia
 - 8.5. Aula de convivencia inclusiva
9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN
10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN
11. PROCESOS DE SEGUIMENTO AVALIACIÓN E MELLORA
12. ANEXOS

1. XUSTIFICACIÓN

Convivir significa vivir en compañía doutra ou doutras persoas e compartir vivencias xuntas nun mesmo espazo e nun mesmo tempo. A escola é un lugar privilexiado de convivencia, de experiencias, de coñecemento e de emocións compartidas onde o alumnado aprende a convivir en igualdade e aprende a relacionarse, xestionando e resolvendo pacificamente os conflitos, respectando as ideas e opinións das e dos demais e aceptando a diversidade coma unha riqueza.

O presente Plan de Convivencia elaborase coa finalidade de dar a coñecer un documento propio onde se articule a convivencia do noso centro educativo. Atendendo a normativa vixente, a situación actual e as necesidades do momento, e despois de analizar a situación inicial do noso centro en materia de convivencia, establecemos os obxectivos que pretendemos acadar co seu deseño e posta en práctica ao longo do curso escolar. Neste documento ademais, recolleemos aquelas actuacións, medidas e/ou programas que se pretenden desenvolver entre todos os membros da comunidade educativa para favorecer así a convivencia. Podémolo considerar un documento de mellora que está integrado na vida do noso centro. Así mesmo, non está pechado, e está suxeito a un seguimento e supervisión, e de considerarse necesario faranse as modificacións necesarias sempre para garantir o benestar do noso alumnado e a convivencia entre todos os implicados no documento. Para o seu deseño e desenvolvemento, procuraremos contar coas condicións necesarias de formación, participación, recursos, tempos de traballo e coordinación axeitada.

2. REFERENTES E MARCO LEGAL

Este Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo do noso centro e pretende gardar coherencia e concretar liñas de actuación cos diferentes documentos que o compoñen e que son:

- Plan de Acción Titorial
- Normas de Organización e Funcionamento e Convivencia.
- Plan de Orientación.
- Plan de Atención á Diversidade
- Plan de Acollida
- Plan de traballo do coordinador ou coordinadora de benestar e convivencia.

Deste xeito, moitas das propostas recollidas no Plan de Convivencia están interrelacionadas ou figuran xa nalgún dos documentos mencionados anteriormente.

Para a súa elaboración tomouse como referencia o seguinte **marco legal**:

- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **Lei 27/2005 de 30** de novembro sobre fomento e cultura da paz.
- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio de Educación. (LOE)
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño.
- **Lei Orgánica 3/2020** pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2002, do 3 de maio de Educación.
- **Orde do 8 de setembro de 2021 que se desenvolve o Decreto 229/2011**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A. de Galicia.
- **Lei Orgánica 8/ 2021, do 4 de xuño** e protección integral á infancia e a

adolescencia fronte á violencia (LOPIVI).

- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Orde do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, pola que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e regulase a avaliación nesa etapa educativa.
- **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regulase a avaliación nesa etapa educativa
- **RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- **Resolución do 20 de xuño de 2023**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL), creada con carácter experimental ao abeiro da resolución do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o curso 2023-2024.
- **Orde do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Outras que se publiquen en materia de convivencia.

Por outra banda, o contido deste documento redactouse ao abeiro dos distintos protocolos elaborados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dentro da estratexia educonvives.gal. e que se citan a continuación:

- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infantoxuvenil.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- **Estratexia Galega de convivencia escolar 2025.**
- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento educativo do Acoso escolar e Ciberacoso.
- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo
- Procedemento corrector de condutas.
- Protocolo de mediación
- Protocolo para a diabeto.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica no ámbito educativo. Addenda de atención ao alumnado con diabetes.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN

3.1. Características do centro

O Colexio Público A Fraga iniciou a súa andaina en setembro de 1988 e está situado na esquina NE da vila de As Pontes.

As súas orixes responden á necesidade de atender as necesidades de escolarización que naquel momento tiñan os poboados do Barreiro, do Angueiro (Muíño) e da Fraga. Hoxe cumpre unha función esencial como dotación de servizo sociocultural desta zona do pobo.

O solar que ocupa o colexio ten unha superficie de máis de 8000 m² nunha parcela practicamente trapezoidal. Nel atópanse os dous edificios que forman o centro e varias pistas polideportivas e de xogos, así como varias zonas verdes.

3.2. Aspectos de xestión e organización

Porén a convivencia no noso centro educativo non so se recolle no Plan de Convivencia. Tamén está presente, no proceso de ensino-aprendizaxe, no **Plan de Acción Titorial e nas NOF**. O traballo coordinado do equipo docente será importantísimo, establecendo as normas co grupo desde o inicio do curso, as medidas que se tomarán como sancións e como reforzos positivos. As decisións tomadas serán transmitidas ás familias, para que coñezan e apoiem nas casas as normas que se traballen no centro. A acción titorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia. A través dela, o profesorado pode dispoñer dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas emocións e comportamentos así como de expresar as súas opinións.

De acordo ao establecido no Plan de Convivencia, deberá procederse a unha revisión dos documentos organizativos do centro para así actualizalos e adaptalos ás necesidades do momento e do centro, en relación á convivencia. De modo que, o **Plan de acción titorial** deberá adaptarse ao establecido, sinalando as actuacións específicas que dende estes ámbitos contribuirán ao previsto no Plan de Convivencia. E as programación das sesións de titoría deberán incorporar de modo concreto contidos para levalo a cabo.

Tamén, deberán adaptarse outros documentos coma:

-As **programacións didácticas** que incluírán criterios e procedementos para a promoción da convivencia positiva, a resolución pacífica de conflitos e a prevención de calquera tipo de violencia.

-O **Plan de orientación educativa** que é o instrumento básico, para intentar dinamizar o proceso Pedagóxico -didáctico dende o centro educativo. Nel se recollen os aspectos propios da orientación, as tarefas e función dos seus compoñentes, os obxectivos a acadar coa comunidade educativa e o plan de traballo tanto do Departamento de Orientación coma dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Este documento inclúe o **Plan xeral anual de atención á diversidade** que é o documento no que se articula a atención á diversidade. Neste plan concrétnanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro docente diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado; o que contribúe o benestar deste último, do profesorado e das familias sendo por tanto un elemento importante que incide na convivencia no centro.

Outro documento a ter en conta é o **Plan de Acollida**, que se entende coma o conxunto de medidas educativas que os centros levan acabo para conseguir a adaptación do alumnado procedente do estranxeiro que chega a un centro. A finalidade do mesmo é facer dos primeiros días no centro unha situación máis fácil e, en consecuencia, lograr con máis facilidade a súa adaptación e integración escolar.

3.3. Relacións e participación da Comunidade educativa

Todas as familias teñen unha relación co colexio que se establece en primeiro lugar a través dos titores que individualmente ou nas reunións xerais informan sobre o proceso de ensino e aprendizaxe dos alumnos e doutros aspectos que interveñen na súa formación integral. O titor e o equipo docente manteñen cos pais unha relación fluída, positiva e educadora co fin de traballar todos na consecución dos mesmos obxectivos.

Dende a Asociación de Nais e Pais MEDOÑAS do colexio tamén se fan achegas das familias en aspectos relacionados coa convivencia a través da súa Xunta, en permanente contacto co Equipo Directivo, e da súa representación no Consello Escolar e a Comisión de Convivencia.

As familias están informadas dos asuntos máis significativos que teñen que ver coa conduta dos alumnos xa sexa en reunións xerais ou a nivel individual, por teléfono ou por escrito. As familias de alumnos de nova incorporación reciben un extracto do Plan de Convivencia e da Normas de Organización e Funcionamento a comezo de cada ano escolar.

O centro está aberto a todas as institucións e asociacións da zona reflectindo algunhas das súas inquietudes e propostas que teñan que ver coa escola. Nel desenvólvense algunhas das actividades que propoñen.

Os axentes responsables da convivencia no centro serán:

- A Comunidade Educativa.
- O Consello Escolar.
- A Comisión de Convivencia
- O Claustro de profesores.
- O Equipo Directivo.
- Os órganos de coordinación docente.
- O coordinador/a de benestar e convivencia
- O Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.4. Conflitividade detectada no centro.

Na actualidade o clima de convivencia no Centro é xeralmente bo, non existindo problemas de disciplina que poidan considerarse graves. Aparece de vez en cando algún conflito esporádico, para os que hai establecido un sistema de actuacións que funciona de forma correcta. Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Disrupción na aula: falar a destempo, erguerse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Distracción e falta de atención.
- Esquecer o material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo.
- Desobediencia ás ordes educativas - formativas do mestre - familia.
- Pelexas, agresións verbais ou insultos no tempo de lecer.

Dentro de cada apartado debemos considerar a frecuencia con que se producen eses problemas e as consecuencias que deles se poden derivar. Entre as principais causas que producen estes, son:

- Falta de motivación e chamadas de atención.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Falta de colaboración, implicación e autoridade por parte das familias.

- Pouco diálogo individual titor/-a - alumno/-a, familias - alumno/-a e titor/-a--familias.
- Falta de habilidades do manexo da aula por parte do profesor.

3.5. Actuacións desenvolvidas e efectividade destas

Dende o centro favorécese a participación e colaboración dos diferentes membros da comunidade educativa do seguinte xeito:

- Os titores resollen os conflitos con diálogo e pactando cos seus alumnos as normas que van rexer a boa marcha da clase.
- Equipo Directivo apoia este labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas.
- Departamento de Orientación asesora á comunidade educativa. E o coordinador de benestar dinamiza o plan de convivencia en colaboración cos anteriores.

Infórmase ás familias permanentemente dos conflitos ben no momento que xorde ou ben nas frecuentes entrevistas dos titores xa que, debido á curta idade, é necesario utilizar os conflitos que xurdan como medio para educar e ir formando o carácter e a personalidade do noso alumnado.

Se xorde algún problema, actuarase segundo o seguinte procedemento:

- ✚ Falar co alumno /a ou cos implicados.
- ✚ Intentar que se aclaren as cousas.
- ✚ Facer as paces, pedirse perdón, se é unha situación de pelexa ou insulto .

Segundo a gravidade:

- ❖ Amoestación verbal.
- ❖ Quedarse sen recreo e facer algún traballo relacionado co conflito (por exemplo escribe tres razóns para non insultar, os pequenos que fagan un debuxo...)
- ❖ Repoñer o material se se estraga adrede.
- ❖ Non poder realizar saídas.
- ❖ Chamar ás familias e poñelas ao corrente do acontecido.
- ❖ Se é máis grave e é reiterativo, poñer en marcha os procedementos recollidos nas NOFCs.

Nos conflitos, ademais da resolución, buscaremos a súa vertente pedagóxica e de construción de valores perdurables para os alumnos.

Durante estes cursos pasados empezamos levamos á practica dentro das aulas diferentes dinámicas relacionadas con distintas emocións, autocontrol, empatía, autoestima, habilidades sociais, actitudes positivas cara a saúde, ...

Ata o de agora, os conflitos detectados resolvéronse dun xeito razoable coa aplicación das medidas citadas.

4. OBXECTIVOS

4.1. Obxectivos xerais

O obxectivo global é o de favorecer nos alumnos unha convivencia escolar inclusiva, pacífica e democrática a través das actividades de carácter reflexivo e vivencial orientadas á prevención da violencia escolar.

Tendo en conta o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establécense os seguintes obxectivos xerais:

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a convivencia no centro entre os membros da comunidade educativa.
- Previr o acoso entre iguais.
- Formar aos alumnos e alumnas na convivencia.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

4.2. Obxectivos específicos

Coma obxectivos mais concretos preténdese:

- Contribuír a unha convivencia pacífica no centro (orde, tranquilidade, boas relación dentro e fóra das aulas, actitude de traballo...)
- Concienciar aos membros da comunidade educativa que lograr un bo clima de convivencia no centro é labor de todos e todas.
- Axudar a asumir e practicar os valores cívicos e democráticos: o respecto polas persoas e os bens materiais, tolerancia, a solidariedade, os dereitos humanos, o coidado do medio ambiente, a igualdade efectiva entre homes e mulleres
- Aprender a resolver os conflitos de forma pacífica, primando o diálogo e o entendemento.
- Procurar que as medidas correctoras impostas sexan educativas e recuperadoras, e non só punitivas.
- Preparar para a vida social adulta a través da formación integral do alumnado.
- Formarse en habilidades para neutralizar o desgaste profesional.
- Favorecer o intercambio de información entre o centro- familias- alumnado

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

5.1. ACTUACIÓNS

- Unión de todo o profesorado, sen fisuras, para abordar este problema.

- Elaboración das Normas de Organización e Funcionamento, operativas, prácticas, sinxelas de difundir, consensuados entre toda a Comunidade Educativa.
- Establecemento de plans de prevención sobre conflitividade e violencia escolar. (PLAN DIRECTOR...)
- Formación especializada para mellorar a intervención con alumnos conflictivos.
- Prevención e tratamento.
- Resolver os problemas cando aparezan.
- Incrementar a vixilancia e os controis dos alumnos/as mediante a actuación dos mestres nos diversos escenarios dos centros -patios de recreo, corredores, etc..
- Fomentar desde idades temperás a educación en valores éticos e morais, de maneira que favorezan a formación dos nenos e nenas no respecto e a tolerancia.
- Fomento da titoría a relación e coordinación entre os colexios e os pais.
- Fomento da igualdade dos dereitos entre os sexos, rexeitamento a todo tipo de discriminación.
- Potenciar valores tales como o rigor, o esforzo e a esixencia.
- En cada clase existe un caderno de incidencias no que calquera mestre, sexa de garda, titor ou especialista debe anotar calquera situación anómala que se de na clase ou no tempo de lecer. O titor despois actuará segundo o establecido.

Dentro das funcións que lle corresponden ao Consello Escolar e aos mestres estas quedan recollidas da seguinte maneira:

- Consello escolar no artigo 5 do **DECRETO 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar determina as funcións que se lle atribúe.
- No mesmo Decreto no artigo 7 do **DECRETO 8/2015** determina as funcións do claustro e para o equipo directivo quedan recollidas no artigo 8.

5.2. MEDIDAS PREVENTIVAS

O Equipo de Convivencia programa, elabora e adapta actividades e dinámicas grupais para traballar desde as titorías en pro da convivencia para as efemérides e outros días puntuais, traballando así tanto as emocións como a violencia de xénero, educación para a paz, etc. E o coordinador ou coordinadora de benestar e convivencia dinamiza o Plan de convivencia

5.2.1. Medidas organizativas: O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, no seu artigo 18 sobre "Normas de organización e funcionamento" establece:

- 1) As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- 2) Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.
- 3) Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes/as sexan menores de idade

5.2.2. Medidas curriculares: A acción titorial constitúe o marco fundamental para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo. A organización da aula, os vínculos de relación e comunicación, o axuste

curricular, as estratexias metodolóxicas, as normas de aula, entre outras tarefas, son elementos que contribúen a que exista unha boa convivencia no centro.

Así mesmo, será crucial o traballo dos contidos transversais tanto dende as aulas, en concreto, coma dende o centro, en xeral, farase fincapé na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, baseándonos na igualdade de dereitos e deberes. Tamén, se fomentará a aprendizaxe respecto á prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, así como a transmisión de valores baseados nos dereitos humanos: liberdade, xustiza, igualdade e non discriminación, paz, democracia, respecto e inclusión. Nesta mesma liña, fomentárase o respecto, a deportividade e o traballo en equipo en todas as actividades deportivas que se desenvolvan, co obxectivo de previr actitudes e condutas antideportivas.

Por outro lado, introduciremos contidos de carácter transversal relacionados coa saúde e os estilos de vida saudables, o coidado do medio ambiente e as situacións de risco derivadas da utilización das TIC, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Traballar estes contidos, en prol dunha mellor convivencia, tamén terá unha serie de beneficios á hora de traballar o currículo. Por exemplo:

1. A transversalidade é compatible co enfoque competencial, os cambios metodolóxicos (TIC, traballo cooperativo, traballo por proxectos, flexibilización, agrupamentos flexibles) e organizativos.
2. Tratan temáticas sociais relevantes, que se recollen de forma fragmentada no currículo.
3. Establecen un marco interdisciplinar para a transmisión de valores relacionados cunha convivencia pacífica e inclusiva asociados a outros saberes técnicos.
4. Permiten interrelacionar o sector educativo cos ámbitos familiar e social.
5. Desenvolven a capacidade adaptativa, o traballo en equipo, a toma de decisións e a competencia de aprender a aprender.
6. Constrúen dinámicas de colaboración máis estreitas. Buscan o mellor clima de relación e comunicación.
7. Fomentan a participación, a iniciativa e a autoavaliación por parte do alumnado.

Por este motivo queda máis que xustificada que as nosas actividades irán encamiñadas a desenvolver todos eles.

5.2.3. Medidas de coordinación. O Decreto 8/2015, no artigo 9, sobre Órganos de coordinación docente, establece:

1) Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito de competencias, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

2) En todo caso as medidas e os acordos adoptados serán recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destas co P.E do centro e a PXA

Emprégase con asiduidade o material sobre desenvolvemento emocional, cognitivo e social dos programas de formación de anos anteriores, entre outros manuais de habilidades socioemocionais.

Por outro lado, traballaremos diferentes aspectos para a adquisición de habilidades de interacción social no día a día da seguinte maneira:

| Plan anual de amabilidade | E. Infantil | 1ºe 2º EP | 2º e 3ºEP | 5ºe 6º EP |
|--|--------------------|------------------|------------------|------------------|
| Prestar os xoguetes. | Y | | | |
| Saudar e despedirse | Y | Y | Y | Y |
| Ceder o sitio. | Y | Y | Y | Y |
| Pedir axuda e dala. | Y | Y | Y | Y |
| Agradecer os favores que che fan. | Y | Y | Y | Y |
| Gabar as calidades alleas | Y | Y | Y | Y |
| Defender os seus dereitos correctamente | Y | Y | Y | Y |
| Pedir perdón e perdoar. | Y | Y | Y | Y |
| Mirar á cara e saudar. | Y | Y | Y | Y |
| Dicir "por favor e "grazas" | Y | Y | Y | Y |
| Dramatizar situacións de amabilidade. | | Y | Y | |
| Evitar palabras e xestos que poidan ofender. | | Y | Y | Y |
| Interesarse polos demais cando teñan algún problema. | | Y | Y | Y |
| Pedir e aceptar desculpas. | | Y | Y | Y |
| Tratar con respecto a todos. | | Y | Y | Y |
| Evitar as malas contestacións | | Y | Y | Y |
| Ceder o paso a compañeiros e adultos. | | Y | Y | Y |

| Plan anual para o diálogo | E. Infantil | 1ºe 2º EP | 3ºe 4º EP | 5ºe 6º EP |
|---|--------------------|------------------|------------------|------------------|
| Saber presentarse | Y | | | |
| Estar atento cando fala un compañeiro. | Y | Y | | |
| Aprender o nome da xente coa que trata. | Y | Y | | |
| Falar sen interromper. | Y | Y | Y | Y |

| | | | | |
|--|---|---|---|---|
| Falar con respecto, non molestar | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Reflexionar e falar consigo mesmo. | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Adoptar posturas correctas (mirar para a persoa coa que se fala) | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Escoitar | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Levantar a man (respectar as quendas) | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Dramatización de situacións conflitivas e solución mediante o diálogo. | | ✓ | | |
| Pedir perdón para interromper unha conversa. | | ✓ | ✓ | ✓ |
| Falar con naturalidade, sen berrar. | | ✓ | ✓ | ✓ |
| Utilizar o diálogo para resolver problemas. | | ✓ | ✓ | ✓ |
| Mostrar interese polo que din os demais. | | ✓ | ✓ | ✓ |
| Respectar as opinións e as propostas dos demais. | | ✓ | ✓ | ✓ |
| Ceder a palabra. | | | ✓ | ✓ |

| Plan anual para a relación co adulto | E. Infantil | 1ºe 2º EP | 3ºe 4º EP | 5ºe 6º EP |
|--|--------------------|------------------|------------------|------------------|
| Felicitar as actuacións positivas. | ✓ | | | |
| Diálogos. | ✓ | | | |
| Preocuparse polo estado de ánimo dos demais. | ✓ | | | |
| Pedir axuda | ✓ | | | |
| Colaboración en pequenas tarefas. | ✓ | | | |
| Consensuar as normas entre todos. | ✓ | | | |
| Non contestar con malos modos ao adulto. | ✓ | | | |
| Falar con tons adecuados. | ✓ | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Poñerse á súa altura. | ✓ | | | |
| Semana de: Obedecer aos pais. | | ✓ | | |
| Obedecer aos mestres. | | ✓ | | |
| Obedecer ás persoas maiores. | | ✓ | | |
| Esperar cando falan os adultos. | | ✓ | | |
| Chamar polo nome. | | ✓ | | |
| Gardar silencio cando se explica. | | ✓ | | |
| Pedir axuda con amabilidade aos adultos. | | ✓ | ✓ | ✓ |
| Atender na clase e seguir as orientacións do profesorado. | | | ✓ | ✓ |
| Tratar ao persoal do centro con respecto | | | ✓ | ✓ |
| Tratar con respecto aos maiores. | | | ✓ | ✓ |
| Escoitar os seus consellos. | | | | ✓ |

| Plan anual para facer amigos | E. Infantil | 1ºe 2º EP | 3ºe 4º EP | 5ºe 6º EP |
|--|--------------------|------------------|------------------|------------------|
| Compartir as cousas. | ✓ | | | |
| Ser amistoso. | ✓ | | | |
| Levarse ben con todos. | ✓ | | | |
| Xogar cos compañeiros sen violencia. | ✓ | | | |
| Pedir desculpas. | ✓ | | | |
| Falar cos compañeiros | ✓ | | | |
| Se alguén te molesta dicir que non o debe facer. | ✓ | | | |
| Interesarse polo que lle ocorre aos outros compañeiros | ✓ | | | |
| Chamar aos compañeiros polo seu | ✓ | | ✓ | ✓ |

| | | | | |
|--|--|---|---|---|
| nome sen alcumes nin insultos. | | | | |
| Semana de: Non falar mal dos compañeiros | | Y | | |
| Vivenciar como se senten os outros cando son criticados | | Y | | |
| Axudar para que despois che axuden. | | Y | | |
| Anotar a quen axudas e quen che axuda | | Y | | |
| Colaborar participando nos xogos. | | Y | | |
| Respectar as calidades, gustos, intereses e opinións dos demais sen impoñer os nosos | | | Y | Y |
| Colaborar e axudar aos amigos e compañeiros | | | Y | Y |

| Plan anual relacionado cos sentimentos | E. Infantil | 1ºe 2º EP | 3ºe 4º EP | 5ºe 6º EP |
|--|--------------------|------------------|------------------|------------------|
| Intentar poñerse no lugar do outro. | Y | | | |
| Dicir verbas amables. | Y | | | |
| Falar de diferentes situacións. | Y | | | |
| Axudar a quen está triste, enfadado, molesto e asustado | Y | | | |
| Observar a cara dos compañeiros para saber que emoción ten | Y | | | |
| Expresar as emocións. | Y | | | |
| Contar emocións doutros membros da familia | Y | | | |
| Recoñecer certos sentimentos. | Y | | | |
| Dramatizacións. | Y | | | |
| Semana de 1º Que dis cando: -estás ledo. -estás asustado -estás ilusionado 2º Encher ocos nun texto sobre emocións. | | Y | | |

| | | | | |
|---|--|--|---|---|
| Realizar os traballos con bo humor, alegría, optimismo... | | | Y | Y |
| Potenciar a autoestima | | | Y | Y |
| Ser capaces de amosar os nosos sentimentos e respectar os sentimentos dos demais. | | | Y | Y |
| Saber controlar as emocións en situacións conflitivas, evitando enfados, reaccións iradas ... | | | Y | Y |
| Superar situacións de conflitos co diálogo. | | | Y | Y |

5.3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA PROMOVER A CONVIVENCIA

5.3.1. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

A calidade das relacións cos demais ponse de manifesto principalmente nas situacións conflitivas. A ensinanza de habilidades sociais e de resolución de conflitos é unha medida preventiva e rehabilitadora de accións equivocadas na xestión persoal, interpersonal e intrapersoal, polo que estas pautas melloran a adaptación social, en xeral. Tamén se plantexa a posta en práctica de estratexias concretas que corrixa as actitudes propensas á xeración de conflitos. Os alumnos/as que empregan estas estratexias teñen vantaxes por seren máis capaces de afrontar a frustración e o estres con eficacia. A resolución pacífica de conflitos de xeito autónomo repercute nun aumento da autoestima, e ó mesmo tempo esta aptitude semella que tamén trae repercusións positivas no rendemento académico.

No presente curso escolar, pretendemos dar continuidade á posta en práctica do programa de habilidades sociais, dado que no centro educativo, existen problemas de índole socioemocional nos nosos alumnos que precisan dunha sólida formación e rehabilitación en materia socioemocional. Este programa concíbese como unha materia de valores necesarios para as diversas etapas escolares, e non ser obxecto, unicamente dun programa pechado a alumnos concretos nunha temporalización anual; senón unha formación de varios cursos académicos integrada por alumnado diverso con boas ou menos valoradas habilidades socioemocionais e na que os titores e titoras de aula xogan un papel moi importante.

Obxectivos xerais:

- Aprender a xestionar as emocións de maneira que permitan alcanzar máis niveis de desenvolvemento e benestar persoal e social.
- Desenvolver o autoconñecemento, a autoestima e a autonomía persoal para regular o propio comportamento.
- Desenvolver a capacidade de relacionarse cun mesmo e cos demais satisfactoriamente para un mesmo e para os demais.

Obxectivos específicos:

| | | |
|--------------|--------------|--------------|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
|--------------|--------------|--------------|

| | | |
|--|--|---|
| Adquirir un bo coñecemento das propias emocións. | Adoptar estratexias para a resistencia á frustración. | Proporcionar estratexias para mellorar as relacións sociais. |
| Proporcionar estratexias para desenvolver o equilibrio persoal e potenciar a autoestima. | Desenvolver a tolerancia á frustración. | Adoptar unha actitude positiva ante a vida. |
| Potenciar a capacidade de esforzo e a motivación ante o traballo. | Adoptar estratexias para aumentar a capacidade de control. | Aprender a xestionar as emocións para o noso benestar persoal e social. |
| | Potenciar actitudes de respecto e tolerancia. | |

Contidos: As competencias socio-emocionais.

Conciencia emocional (base do proceso emocional):

Coñecerse así mesmo, os propios sentimentos e emocións, sendo consciente do propio estado emocional. Isto implica expresar a través da linguaxe verbal e non verbal para tomar conciencia das propias emocións e recoñecer os sentimentos e emocións dos demais.

- Vocabulario emocional.
- Identificación de propias emocións e sentimentos e tamén recoñecemento das dos demais.
- Utilización da linguaxe verbal e non verbal como medio de expresión emocional.
- Toma de conciencia do propio estado emocional.

Regulación emocional:

A capacidade de regular os impulsos, canalizar as emocións desagradables, de tolerar a frustración e saber esperar as gratificacións é condición previa indispensable para desenvolver os talentos innatos.

Emprego de estratexias de autorregulación emocional: diálogo interno, relaxación, reestruturación cognitiva, asertividade, etc.

Autoestima: é unha necesidade humana fundamental, o factor central que fai madurar persoalmente, influíndo na maneira de desenvolver e estruturar a personalidade. Ten efectos moi profundos sobre a motivación e a conduta. Fundamenta a actitude ante un mesmo e predispón á persoa a adoptar diferentes posturas para afrontar os problemas.

Desenvolver un autoconceito positivo.

Estimular o recoñecemento de cualidades positivas dentro do grupo.

Coñecer e fomentar unha linguaxe interna positiva.

Aumentar o sentimento de eficacia.

Empatía: a capacidade de poñerse no lugar do outro, é unha importante mediadora das relacións interpersoais, motivadora da conduta prosocial e pode considerarse unha fonte de motivación para a conduta moral.

Ser quen de comprender a outros.

Dar resposta afectiva e efectiva ás emocións expresadas polos demais, principalmente o medo, a lelicia, o enfado e o sufrimento.

Saber expresar o interés polos demais a través de actitudes de amabilidade e atención.

Conseguir condutas prosociais.

Habilidades socioemocionais:

Habilidades de relación interpersonal: expresividade, comunicación, cooperación e colaboración social.

A empatía.

Relacións positivas cos demais.

Estratexias de resolución de conflitos.

Establecemento das relación de grupo.

Habilidades para a vida:

Escoita de forma activa.

Desenvolvemento persoal e social.

Actitude positiva ante a vida.

Sentido do humor.

Percepción positiva e disfrute do benestar.

Metodoloxía:

O método de traballo empregado vai ser eminentemente práctico, traballando con dous tipos de ferramentas, en primeiro lugar, as dinámicas de grupo e en segundo lugar, algunhas técnicas de entrenamento en habilidades sociais. Nestas pódense destacar:

- Modelado: é a representación por parte do educador, dunha situación social que require poñer en práctica a habilidade de entrenar cos pasos condutuais que a compoñen.
- O xogo de roles: o alumno, unha vez percibida a utilidade da habilidade representada para a súa vida real, reproduce do xeito máis fiel posible o rol que lle foi asignado.
- A retroalimentación: realizarase tanto por parte do mestre como dos compañeiros e será fundamentalmente positiva xa que os comentarios acompañaranse de mensaxes construtivas, polo que na práctica, o plantexamento convértese nun reforzamento.
- Transferencia e mantemento: a transferencia refírese á xeneralización das condutas aprendidas, e o mantemento á persistencia desas condutas ante as distintas situacións que en diferentes contextos se poidan dar. Esta última parte e realizarase a través do seguemento semanal do alumno/a no centro.

Avaliación:

Cando un programa está en funcionamento é importante reflexionar sobre este. Como funciona? Como se pode mellorar? Para facelo debemos avaliar os seus efectos. O feito de medir os progresos das habilidades sociais e emocionais pode ser subxectivo. O que máis se achega á realidade obxectiva é a observación natural. Para avaliar os efectos do programa propónse a utilización dunha enquisa que parte da base de que o profesorado que traballa diariamente cos seus alumnos, poden coñecer ben as súas capacidades e comportamentos, así como reflectir o seu funcionamento diario. Este instrumento de avaliación é doado de empregar. Aplícanse os mesmos ítems nos diferentes cursos, facer

estimacións concisas e continuas do funcionamento socioemocional dos nenos e nenas así como establecer bases de monitorización.

6. O PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento expreso, dunha situación de intimidación ou acoso sobre algún alumno/a ou considere a existencia de indicios razoables, poñerá inmediatamente en coñecemento dalgún mestre ou do/a titor/a do alumno/a.

O/a titor/a encargarse de recoller a información sobre o asunto e poñelo en coñecemento do equipo directivo para levar á cabo as medidas oportunas.

Desde o centro seguirase o establecido nas Instrucións do 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, polas que se traslada o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos.

Coa finalidade de axilizar a tramitación deste protocolo e apoiar o labor encomendado na súa execución, ao final deste documento figuran os **vinte e dous anexos** facilitadores das distintas intervencións que se deben realizar na aplicación deste protocolo.

7. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS

| Descrición | Concreción da acción | Responsable e prazo | Seguimento e temporalización |
|---------------------------------|---|---|------------------------------|
| Dinámicas en titoría | Medidas preventivas | Equipo docente Curso 2023/24 | Trimestral |
| Programa de Habilidades sociais | Habilidades sociais | Titores, Equipo docente e DO Curso 2023/24 | Trimestral |
| Plan Director | Charlas á comunidade escolar sobre as novas tecnoloxías e os seus perigos | Director Curso | Trimestral |

8. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

8.1. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As normas do centro están recollidas no NOF nos artigos 57, 58,59,60,61 e 72

8.2. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN

Están recollidas no NOF nos Artigos 63º,64,65,66,67,68,69,70,71 e 72

Segundo o artigo 12 da Lei 4/2011, do 30 de xullo, de convivencia e participación da comunidade educativa, "Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares..."

“Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar”

“As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei”.

Segundo o artigo 17 da Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa:

- As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
- Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas neste apartado que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- A imposición das correccións previstas neste apartado respectarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou aos tutores/as ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.
- En función das súas características e circunstancias, as condutas contrarias ás normas de convivencia clasifícanse en leves, graves e moi graves.

8.3. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no artigo 6.4 do decreto 8/2015.

A Comisión estará composta por:

- O seu presidente será a persoa responsable da dirección do centro.
- Representantes do Profesorado.
- Representantes das Familias.
- Representantes do persoal de Administración e Servizos.
- Coordinador de benestar e convivencia

Todos os representantes estarán representados na mesma proporción na que se atopan representados no Consello Escolar do centro.

Un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario e levantará acta das súas reunións. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

As funcións da comisión de convivencia serán:

- Elaborar o Plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no Plan e normas de convivencia.
- Elevar ao Consello Escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia, as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo, propostas polas escolas de nais e pais que poidan crear no centro e se contemplan no Plan de Convivencia.

Dentro da comisión de convivencia podemos establecer as seguintes funcións:

O equipo directivo correspóndenlle as seguintes funcións:

- Elaborar, de ser o caso, o Plan de Convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres non estea constituído.
- Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

As **funcións da Dirección** en materia de convivencia, entre as competencias que lle atribúe o artigo 132 da Lei Orgánica 2/2006 modificada pola Lei Orgánica 3/2020:

- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas correctoras que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro coa contorna, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas

As funcións/competencias da Xefatura de Estudos como axente en materia de convivencia escolar son:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de Convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia

8.4. COORDINADOR OU COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

De acordo coa **ORDE do 23 de agosto de 2023** pola que se establece esta figura nos centros docentes de Galicia, e segundo o seu artigo 2. a dirección do CEIP P. A Fraga designou a coordinación de benestar e convivencia á xefa do Departamento de Orientación, de entre o profesorado do claustro, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente. E as súas funcións que, se establecen no artigo 3 da citada orde, recóllense no Plan de traballo do coordinadora ou coordinador, que se adxunta a este Plan de Convivencia.

Este plan de traballo se concretará anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos no mesmo, e que se pretenden desenvolver no curso académico. (ver anexo)

Para cada unha das accións concretarase, como mínimo, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadados.

Nos centros públicos a dirección do centro, dependendo da dispoñibilidade horaria e das características e do tamaño do centro, poderá asignar ata un máximo de dúas sesión lectivas e dúas sesións das complementarias fixas á coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia para a realización das funcións encomendadas.

8.5. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O funcionamento da aula de convivencia inclusiva regularase pola seguinte normativa: Artigo 8º do Decreto 229/2011 de atención á diversidade, artigo 19.3º da Lei 4/2011 de Convivencia e Participación da comunidade Educativa e polo artigo 25º do Decreto 8/2015, do 8 de Xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

No noso centro as aulas de convivencia inclusiva, serán aquelas aulas para o alumnado que manifestando condutas disruptivas de xeito reiterado e despois de tomar medidas correctoras non deran resultado.

Esta aula estará ubicada na parte alta do centro, concretamente no altillo ao lado dereito do patio de infantil e respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo, adaptándose as necesidades do centro.

Obxectivos e finalidades desta aula

- Axudar a adquirir unha boa disposición cara ás tarefas escolares e compensar as carencias que lles impiden ao alumnado a súa inclusión escolar.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol.
- Favorecer no alumnado a comprensión do alcance que teñen as súas condutas para si mesmo e para os demais e a importancia da responsabilidade das súas accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cara aos demais.
- Habilitar un espazo que lle proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo iso ao desenvolvemento das clases.

DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA

1º Informe do titor /-a, oído ao profesorado implicado, recollendo as incidencias que impiden o desenvolvemento normal das actividades lectivas diarias de maneira reincidente, esgotando outras medidas.

2º Informe favorable do Departamento de Orientación para o estudo na comisión de convivencia.

3º Estudo por parte da comisión de Convivencia e recollida en acta das decisións tomadas.

4º Estudo das condicións por parte de xefatura, dirección e orientador / -a , para utilización da aula de convivencia:

- Buscar espazo.
- Fixar horarios.
- Fixar profesorado para a súa atención.
- Fixar criterios a seguir e obxectivos a traballar.
- Concretar as funcións do profesorado implicado. (O titor /-a debería propoñer os traballos a realizar , o mestre responsable da aula de convivencia supervisaría ditos traballos e xuntos farían a avaliación dos mesmos.)
-

5º Resolución por escrito das condicións da aula.

6º Información por escrito á familia e entrevista coa mesma, titor /-a, orientador /-a, e membro representante da comisión de convivencia.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva,

garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

COAS FAMILIAS:

- Reunión cos pais a principio de curso para informalos sobre o Plan de Convivencia.
- Consecución da colaboración dos pais en relación co traballo persoal e de grupo de os seus fillos e fillas.
- Entrevistas persoais familias/mestres, para que conxuntamente poidanse anticipar a posibles situacións de inadaptación escolar e problemas de convivencia dos seus fillos e alumnos.
- Poñer atención ás informacións sobre a conduta dos seus fillos que reciben nos boletíns de notas trimestrais.
- Colaboración cos profesores e a orientadora para coñecer mellor os seus fillos intentando potenciar o diálogo familiar e o intercambio de información que axude a previr e a tratar de xeito axeitado os conflitos, se se producen.

OUTROS CENTROS OU ORGANISMOS

O centro mantén contactos periódicos buscando colaboración para tratar temas relacionados coa convivencia no colexio co CONCELLO a través do Plan de Igualdade tamén co Plan Director. En caso de ser necesario o centro poñerase en contacto con outras institucións se así se require para poder solucionar problemas relacionados coa convivencia.

10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN.

Segundo o artigo 17 do Decreto 8/2015, xa citado, o equipo directivo levará a cabo as

actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Unha vez aprobado pola comisión de coordinación pedagóxica e polo consello escolar, procederase a incorporación ao Proxecto Educativo.

Así a comezo do curso, será presentado ante o profesorado e a Asociación de Nais e Pais e aclarará as posibles dúbidas que poidan existir sobre este.

Así mesmo, os titores e titoras explicarán, ao principio de cada curso, o Plan de Convivencia aos alumnos. Aos pais, na primeira reunión xeral, comentaráselles os aspectos máis relevantes deste.

Por outro lado, atoparase tanto na secretaría, como na páxina web.

Por outra banda, a Consellería de Educación, tamén facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

Por parte do claustro farase unha valoración das actividades programadas e da aplicación do Plan en relación as tarefas e normas anteriormente citadas. Así mesmo dende as titorías poderán realizarse propostas de mellora.

Ao longo do curso a Comisión de Convivencia fará un seguimento do Plan de Convivencia e elaborará, se é necesario, un informe coas modificacións que se poidan introducir neste.

O informe presentarase ao Consello Escolar para a súa aprobación, se procede.

Realizarase unha avaliación inicial referida á coordinación e implicación do Plan no centro, o tratamento curricular e a metodoloxía empregada, as dificultades encontradas e as propostas de mellora.

Ao finalizar o curso, os mestres farán unha avaliación, do Plan de convivencia que se engadirá na memoria anual para ser enviada posteriormente a Inspección Educativa.

A Comisión de Convivencia realizará unha avaliación trimestral da aplicación do Plan para realizar propostas de mellora, de ser o caso.

| | TEMPORALIZACIÓN |
|---|-----------------|
| Nivel de consecución dos obxectivos propostos. | Trimestral |
| Grao de participación dos diferentes compoñentes da comunidade educativa. | Anual |
| Análise dos problemas detectados e das actuacións levadas a cabo. | Trimestral |
| Valoración dos resultados. | Anual |
| Propostas de continuidade e de mellora. | Anual |

12. ANEXOS

1. PLAN DE BENESTAR

2. ANEXOS DO PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR (DISPOÑIBLES NO PROTOCOLO PUBLICADO NA PÁX. WEB DA CONSELLERÍA)

- Anexo cero. Esquema gráfico do Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar
- Anexo I. Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar
- Anexo II. Designación dunha persoa referente da atención e apoio á presunta vítima
- Anexo III. Primeira comunicación á familia da presunta vítima
- Anexo IV. Primeira comunicación á familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s
- Anexo V. Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (diligencias previas e instrutora do expediente disciplinario sobre acoso escolar)
- Anexo VI. Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos
- Anexo VII. Recollida inicial de información
- Anexo VIII. Comunicación e cuestionario de entrevista á persoa acosada/vítima
- Anexo IX. Comunicación e cuestionario de entrevista individual á persoa ou persoas acosadora/s
- Anexo X. Comunicación e cuestionario de entrevista individual ás persoas observadoras ou espectadoras
- Anexo XI. Comunicación e cuestionario de entrevista á familia da vítima
- Anexo XII. Comunicación e cuestionario de entrevista á familia ou familias da persoa ou persoas agresora/s
- Anexo XIII. Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro
- Anexo XIV. Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico a outros organismos (especialmente en situacións de ciberacoso)
- Anexo XV. Rexistro da análise da información
- Anexo XVI. Proposta de medidas que se van adoptar
- Anexo XVII. Esquema de tramitación do expediente disciplinario (tramitación e prazos)
- Anexo XVIII. Modelos para o procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario (conciliado e común)
- Anexo XIX. Comunicación á Inspección Educativa
- Anexo XX. Rexistro do seguimento e avaliación das medidas adoptadas
- Anexo XXI. Denuncia a Servizos Sociais
- Anexo XXII. Denuncia á Fiscalía de Menores

ANEXO 1: PLAN DE BENESTAR

A) INTRODUCCIÓN, CUNHA CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN NO CENTRO E UNHA XUSTIFICACIÓN DESTE.

Resulta necesario facer un percorrido normativo para entender mellor este plan e así e contextualizalo no noso centro.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou a titularidade do centro. Ao mesmo tempo, no artigo 35.2 sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou o coordinador de benestar e protección e determinarán se estas funcións han de ser desempeñadas por persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal. Na mesma lei orgánica establécese que todos os centros educativos elaborarán un plan de convivencia, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, entre cuxas actividades se incluírá a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

A Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, establece que a persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función titorial e propoñendo accións cooperativas, e asesorará ao resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

A Estratexia galega de convivencia escolar 2025 recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza dita coordinación nos centros educativos, estableceranse os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de maneira que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Dado que as funcións da persoa coordinadora de benestar e protección, establecidas na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, xa viñan sendo realizadas nos centros docentes da Comunidade Autónoma galega a través do desenvolvemento do Plan de convivencia, co apoio da dinamización de convivencia, é preciso acomodar esta nova figura ao marco normativo do sistema educativo galego. Así, baixo a denominación de persoa coordinadora de benestar e convivencia regúlase a figura que asume as funcións de coordinación de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

En consecuencia, o CEIP Plurilingüe A Fraga, facéndose eco da normativa vixente incorpora a figura do/a coordinador/a de benestar e convivencia e nomea por un período de dous anos, á Xefa do Departamento de Orientación coma persoa dinamizadora do benestar do alumnado e da convivencia do centro, priorizando a súa formación específica, experiencia e interese. Esta nova figura actuará sempre baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou a titularidade do centro e en coordinación coa comisión de convivencia. Os requisitos e funcións da mesma son os que se establecen na **Orde do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia e que, neste curso incorporamos coma novidade ao Plan de Convivencia de Centro xunto con este plan de traballo.

Deste xeito, atendendo á normativa referida nesta introdución e ás necesidades sociais do momento así coma ás necesidades dos centros educativos queda mais que xustificada a elaboración e posta en práctica deste plan de traballo que se concretará anualmente na Programación Xeral Anual a través de accións

enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretenden desenvolver neste curso académico 2023/24.

B) ANÁLISE DO CONTEXTO, QUE RECOLLERÁ, COMO MÍNIMO, A SITUACIÓN DE PARTIDA NO CENTRO RESPECTO AOS ÁMBITOS DAS SÚAS FUNCIÓNS.

No momento actual, a situación de partida do CEIP Plurilingüe A Fraga con respecto ás relacións e a convivencia tanto por parte do alumnado coma do profesorado é as familias pódese dicir que é boa. Ademais, cabe salientar que tampouco hai detectado ningún conflito ou conduta contraria ao benestar do alumnado e da convivencia no centro, aspecto que tamén se recollen no Plan de convivencia. Dende o centro favorecemos e planificamos actuacións que permitan o desenvolvemento dunha convivencia positiva. Por iso, procuramos a participación e colaboración dos diferentes membros da comunidade educativa mentalizando a todos e todas que "o xeito para empezar a solucionar un problema é ir contra o problema". Neste aspecto incidimos moito nas reunións globais de principios de curso en cada nivel.

Dende o Departamento de Orientación tamén se facilita información ao profesorado sobre a importancia de levar a cabo unha metodoloxía cooperativa, onde os nenos colaboren uns con outros, intercambien opinións, coñecementos... Tamén se orienta ao profesorado na importancia de establecer as normas de aula de forma consensuada. Por outra banda, tamén recolle nos nosos documentos de centro: NOFC, Plan de Orientación, Plan xeral de Atención á Diversidade, Plan de acción tutorial,... aspectos relacionados coa convivencia e medidas que se poden adoptar ante a detección ou sospeita de posibles casos contrarios á mesma.

Unha vez establecido o punto de partida do CEIP Plurilingüe A Fraga cabe recoller que as actuacións que se prevé que se levarán a cabo durante o curso 2023/24 estarán encamiñadas a desenvolver as funcións que se lle asignan ao coordinador de benestar na normativa vixente e que teñen que ver con tres ámbitos diferenciados:

- No ámbito de difusión, levaranse a cabo actuacións que teñan que ver coa información y posta en coñecemento aos distintos membros da comunidade educativa de documentos en materia de convivencia, de protocolos educativos, da figura do coordinador de benestar e o seu labor no ámbito de benestar e convivencia e de todo aquilo que teña que ver con medidas eficaces ante posibles casos que dificulten a boa convivencia no centro ao igual que a difusión de formación ao respecto.
- No ámbito de prevención e intervención se levarán a cabo todo tipo de actuacións en beneficio dunha convivencia positiva dende talleres e obradoiros ata actividades complementarias, cursos, charlas, actividades de aula da propia programación, etc que non so estarán pensadas e dirixidas ao alumnado senón tamén as súas familias e ao profesorado. Actividades para previr calquera tipo de violencias ou acosos, que lles permitan aprender a comunicar e resolver conflitos; actividades sobre a importancia da protección de datos persoais, sobre unha alimentación equilibrada, unha vida activa e en prol do deporte; é dicir, en xeral actividades nas que se promova o benestar físico, emocional e social.

Neste eido, podemos contar co Plan de Benestar Emocional e a Proposta de Intervención, elaborado e posto á disposición para os centros educativos por parte da Xunta de Galicia.

- E finalmente, no ámbito da coordinación, matizar que para que as actuacións anteriores sexan eficaces e se podan desenvolver dun xeito satisfactorio será preciso que haxa unha boa coordinación e comunicación entre todos os implicados neste plan de traballo. A normativa establece que moitas de estas funcións se realizarán en coordinación co equipo directivo, co departamento de orientación e coa ANPA porén tamén coa comisión de convivencia, co equipo docente do centro e coa comunidade educativa en xeral. Por iso, será preciso que haxa unha boa relación, coordinación e participación de todos eles. Do mesmo xeito, de ser preciso, tamén será necesaria a coordinación con outros membros externos coma centro de saúde, servizos sociais, forzas de seguridade, Delegado de Protección de datos e outros que a administración educativa estableza e considere.

As funcións que lle competen ao/a coordinador/a de benestar segundo o artigo 3 da Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece esta figura nos centros docentes de Galicia son:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

C) OBXECTIVOS, NOS CALES SE ESPECIFICARÁN INDICADORES.

Os obxectivos que se pretenden acadar en función das actuacións que se van levar a cabo neste curso académico 2023/24 son os seguintes:

| ÁMBITO DE DIFUSIÓN | | | | |
|--|-------------|----------------|------------|---------|
| OBXECTIVO | INDICADORES | | | |
| | NON ACADADO | NON TRABALLADO | EN PROCESO | ACADADO |
| 1. Identificarse ante o alumnado, o persoal do centro educativo e, en xeral, a comunidade educativa, coma coordinadora de benestar e principal referente das comunicacións relacionadas co benestar e convivencia do alumnado no centro. | | | | |
| 2. Concretar á comunidade educativa as funcións ordinador/a de benestar. | | | | |
| 3. Presentar á comunidade educativa o Plan de encia e o plan de traballo do coordinador/a de benestar. | | | | |
| 4. Orientar ao persoal do centro sobre os protocolos | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| existentes no ámbito educativo. | | | | |
| 5. Definir co equipo directivo o procedemento a seguir para comunicar posibles situacións de violencia ou desprotección no centro educativo, incluído os posibles casos de acoso escolar. | | | | |
| 6. Revelar as necesidades formativas en materia de convivencia e benestar do alumnado e informar sobre accións formativas dirixidas á comunidade educativa. | | | | |

ÁMBITO DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN

| OBXECTIVO | INDICADORES | | | |
|---|-------------|----------------|------------|---------|
| | NON ACADADO | NON TRABALLADO | EN PROCESO | ACADADO |
| 1. Diseñar, actualizar e dinamizar o Plan de convivencia. | | | | |
| 2. Expoñer á comunidade educativa os protocolos educativos para contribuír as boas prácticas de convivencia. | | | | |
| 3. Discriminar calquera expresión e/ou conduta contraria á convivencia do centro e ao benestar do alumnado e definir e trasladar respostas axeitadas xunto co equipo directivo e a comisión de convivencia. | | | | |
| 4. Presentar, en colaboración co equipo de xestión convivencia, proxectos e actividades que favorezan a convivencia positiva, así coma o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos. | | | | |
| 5. Planear co resto de equipos do centro actividades, campañas, plans e programas dirixidos á prevención do acoso escolar e á mellora de convivencia e do benestar e a protección do alumnado. | | | | |
| 6. Propoñer ao resto de equipos do centro, recomendacións para seguir unha alimentación saudable e equilibrada mediante charlas informativas e actividades. | | | | |
| 6. Orientar á comunidade educativa, xunto co resto de equipos do centro, a unha vida sana e activa, en prol do deporte e en contra do sedentarismo. | | | | |
| 7. Analizar a importancia de previr e intervir en calquera situación que se considere necesaria en beneficio do benestar do alumnado e da boa convivencia. | | | | |

ÁMBITO DE COORDINACIÓN

| OBXECTIVO | INDICADORES | | | |
|---|-------------|----------------|------------|---------|
| | NON ACADADO | NON TRABALLADO | EN PROCESO | ACADADO |
| 1. Trasladar aos claustros trimestrais e ao Consello Escolar información sobre a xestión para o benestar e a protección do alumnado do centro, recollendo propostas para a concreción | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| de medidas. | | | | |
| 2. Diseñar e implementar coa comisión de convivencia, accións que favorezan o benestar emocional e a protección do alumnado, así como a mellora da convivencia e o clima escolar. | | | | |
| 3. Diseñar e implementar co equipo de extraescolares, co de dinamización lingüística, o departamento de orientación, tic, biblioteca, actividades en beneficio da Promoción da Saúde da Educación Emocional, da Igualdade, da Educación Afectivo Sexual e de Xénero | | | | |
| 4. Planear cos eixes externos (centro de saúde, servizos sociais, forzas de seguridade,...) canles de colaboración para traballar en conxunto na prevención e a intervención, sobre todo, dos posibles casos de vulnerabilidade. | | | | |
| 5. Derivar xunto co equipo directivo ás autoridades competentes dos e das menores en risco, segundo os protocolos e procedementos establecidos para iso, e para todas aquelas accións relacionadas coas súas funcións. | | | | |

D) PROCEDIMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN E, DE SER O CASO, DE DIFUSIÓN.

Este plan de traballo concretase na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretenden desenvolver neste curso académico 2023/2024.

Non obstante, dado que se trata dun documento novo farase un seguimento do mesmo ao longo do curso revisando, modificando e actualizando todo aquilo que se considere necesario, ou que se determine dende a administración educativa a medida que avance o curso, co fin de mellorar e adecuar o plan á realidade do centro e do curso escolar. Polo tanto, este plan de traballo ten carácter aberto e flexible. E dado que a dirección do centro asinou dúas sesións lectivas da xornada escolar, concretamente as dúas primeiras sesións da mañá do mércores, á coordinadora de benestar para a realización das súas funcións, adicará algunha destas sesións a facer un seguimento mais exhaustivo tanto do deseño coma do desenvolvemento do plan.

Para poder recoller información relevante respecto ao deseño e desenvolvemento do plan, teranse en conta distintos momentos do curso escolar a través das xuntanzas cos distintos membros da comunidade educativa, CCP, Departamento de Orientación, xuntas de avaliación, actas de avaliación, cuestionarios,.... Os datos recollidos deberán permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos planeados e os problemas específicos relacionados coa súa implementación.

A avaliación do plan levarase a cabo en momentos diferenciados:

- Dunha forma periódica reunirse o coordinador de benestar co equipo directivo do centro para avaliar, entre outros aspectos, se a dinamización do plan de convivencia do centro está sendo axeitada ou se precisa modificacións.
- De forma trimestral e con carácter ordinario, reunirse a comisión de convivencia do centro para valorar: un) as actuacións propostas e o seu desenvolvemento, problemas que xurdiron, medidas adoptadas e resultados acadados; e dous) revisión do deseño e desenvolvemento do plan de traballo do coordinador de benestar e do Plan de Convivencia e necesidade de modificacións. Así mesmo, a comisión de convivencia do centro reunirse con carácter extraordinario sempre que se considere necesario.
- Ao final de curso, en base aos datos obtidos no proceso de seguimento e avaliación, elaborárase a correspondente memoria do plan que incluírá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora para o vindeiro curso, especificando aquelas accións que é preciso volver a repetir do mesmo xeito, que precisan modificacións ou que non se deben repetir ben porque non funcionaron ou porque xa se alcanzaron. Logo, esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Con respecto a difusión do plan de convivencia, no cal se inclúe o presente plan de traballo do/a coordinador/a de benestar, cabe engadir que será o equipo directivo quen leve a cabo as actuacións necesarias para que sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Unha vez aprobado pola comisión de coordinación pedagóxica e polo consello escolar, procederase a incorporación ao Proxecto Educativo.

Por outra banda, a Consellería de Educación, tamén facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.